



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

R/ Monte dos postes s/n 15703 – Santiago de Compostela
☎ 981519845 📞 648262606 📠 981519845

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalsantiago>

**PROGRAMACIÓN
SECCIÓN BILINGÜE
CMUS SANTIAGO
2015-2016**

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MATERIAS E CURSOS NAS QUE SE APLICARÁ O PROXECTO E PROFESORADO IMPLICADO.....	4
3. OBXECTIVOS.....	4
4. CONTIDOS.....	5
5. METODOLOXÍA.....	6
6. AVALIACIÓN.....	7
7. MATERIAIS E ORZAMENTO.....	7
8. PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO.....	8

1. INTRODUCCIÓN

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estableceu no artigo 22 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, que nas ensinanzas de formación profesional específica e ensinanzas artísticas e deportivas, desenvolveríanse as habilidades de comunicación oral e escrita en lingua estranxeira, de maneira progresiva e gradual, para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.

Asimesmo, no artigo 23, estableceu que a consellería competente en materia de educación aprobaría un plan de fomento das linguas estranxeiras no que se determinarían as liñas de actuación, dirixidas ao profesorado, alumnado e aos centros, para cumprir o sinalado neste capítulo.. Non obstante, na posterior Orde do 12 de maio de 2011, na que se regulaban as seccións bilingües dos centros sostidos con fondos públicos, non foron incluídas as ensinanzas de música impartidas nos conservatorios de Música.

Sen embargo, a realidade do ámbito musical ten un marcado carácter internacional, que obriga a estudantes e profesionais da música a manter contactos frecuentes con profesores e estudantes doutros países, polo que se fai moi necesario o coñecemento doutros idiomas, sobre todo o inglés.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo, e esta nova realidade exige un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras,

Por outro lado, o carácter tan especializado da formación musical, fai difícil que os alumnos aprendan o vocabulario musical polos medios habituais, debido ao descoñecemento desa materia por parte dos profesores especialistas en linguas estranxeiras no ensino obrigatorio.

Por estes motivos, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago, solicitou a implantación dunha sección bilingüe de lingua inglesa como proxecto experimental con carácter voluntario para o seu alumnado, e a consellería procedeu a considerar a súa posta en marcha na Orde do 14 de xullo de 2014. Tendo sido satisfactorio o resultado dese proxecto experimental, no presente curso escolar 2015-16, seguirase a levar a cabo a experiencia, ampliándose a

oferta a unha nova especialidade, saxofón, e incrementando o número de profesores que participarán na sección bilingüe.

2. MATERIAS E CURSOS NAS QUE SE APLICARÁ O PROXECTO E PROFESORADO IMPLICADO.

Este proxecto desenvolverase nas seguintes materias e cursos:

- Materia 1 : violín , clases individuais , todos os cursos
- Materia 2: oboe, clases individuais , todos os cursos
- Materia 3: frauta, clases individuais , todos os cursos
- Materia 4: conxunto de violíns, 1º e 2º de grao profesional
- Materia 5: saxofón, clases individuais , todos os cursos

O profesorado implicado será o seguinte:

Frauta : Carmen Ferreiro e Efrén García

Saxofón: Sergio Pérez

Violín e Conxunto de Violíns: Elena López-Felpeto Paz (Coordinadora da sección bilingüe)

Oboe: Guillermo Pérez

3. OBXECTIVOS

Con carácter xenérico, pódense establecer os seguintes obxectivos:

- Reforzar a aprendizaxe de lingua estranxeira e o desenvolvemento de forma oral na mesma.
- Proporcionar ó alumnado un espazo no que se potencia a comunicación en lingua estranxeira.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe como fonte de mellora nos coñecementos das materias e de enriquecemento cultural .
- Interpretar e producir mensaxes nunha lingua estranxeira co fin de enriquecer as posibilidade de comunicación.
- Valorar o sentimento de independencia que supón a comunicación nunha lingua extranxeira.

- Expresar e comunicar ideas e decisións adoptadas ao longo da actividade de ensino-aprendizaxe na lingua estranxeira.
- Desvincular a aprendizaxe de linguas dos espazos específicos das materias de lingua estranxeira.
- Transmitir ó alumnado a utilidade da lingua estranxeira como ferramenta de comunicación nos distintos ámbitos.
- Potenciar a comunicación noutra lingua con compañeiros ,profesores e estudantes doutros países

Con carácter específico das materias que se van a impartir, pódense establecer os seguintes obxectivos:

- Coñecer e empregar o vocabulario básico musical en inglés.
- Coñecer e empregar en inglés o vocabulario específico relacionado cós instrumentos elixidos para este proxecto (fruta, violín, saxofón e oboe)
- Coñecer e empregar a terminoloxía musical do repertorio a traballar na clase en inglés.
- Coñecer e empregar o vocabulario relacionado coa interpretación musical grupal en inglés.
- Profundar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada instrumento mediante o uso de partituras, recursos audiovisuais e manuais en inglés.

4. CONTIDOS

Os contidos serán os establecidos nas programacións de cada materia, aos que se engadiran os seguintes:

- O vocabulario básico musical de uso común nas clases instrumentais
- O vocabulario básico relacionado coas materias de violín,saxofón, oboe, e fruta.
- O vocabulario relacionado coa interpretación musical individual e grupal en inglés.
- O vocabulario relacionado cos estilos interpretativos musicais en inglés.
- A terminoloxía musical do repertorio e manuais empregados nas clases en inglés.

- Análise e interpretación de obras do repertorio escollido para a clase, mediante o uso de indicacións en inglés
- Visionado de grabacións e materiais audiovisuais en inglés (audicións de interpretacións, clases maxistras, entrevistas con interpretes ou películas relacionadas coa interpretación musical.)
- Explicacións dos textos e manuais escritos en inglés das materias que participan no proxecto

5. METODOLOXÍA

Ao tratarse dun proxecto con características especiais e ao non ser ningún dos profesores implicados especialistas en lingua inglesa, a metodoloxía a empregar será a empregada habitualmente nas clases instrumentais. Tampouco existe a figura do coordinador especialista en linguas que podería axudar na elaboración de materiais específicos e aconsellar diferentes estratexias metodolóxicas, polo que a boa vontade e esforzo dos profesores implicados será determinante nas súas actuacións.

A pesar desas dificultades engadidas, empregaranse as seguintes estratexias:

- Ordes e instrucións sinxelas directamente en lingua estranxeira, apoiada ca linguaxe xestual a modo de reforzo. Ó mesmo tempo se fará uso de expresións coloquiais, frases feitas e demais construcións de uso frecuente na comunicación oral en lingua estranxeira. Tamén se facilitará a tradución do vocabulario especializado que os alumnos non comprendan
- Introducción de linguaxe específico en lingua estranxeira en relación coa unidade didáctica que se estea impartindo en cada momento
- Fomentarase no alumnado o uso espontáneo da lingua estranxeira na comunicación oral, tanto na súa relación co profesor como cos compañeiros no desenvolvemento da clase. Para conseguilo farase uso de estratexias participativas nas que se valorará inicialmente a intervención do alumnado facendo uso do idioma estranxeiro e pouco a pouco centrándose no emprego de vocabulario específico, propio da materia.

6. AVALIACIÓN

Segundo a normativa que rixe as Seccións Bilingües, a cualificación que o alumno obterá da materia non se verá influída (alomenos de maneira negativa) por motivos lingüísticos, posto que o obxectivo último é aprender os contidos das materias en sí.

Por este motivo, os criterios de avaliación e promoción (e de cualificación) das materias mencionadas son os mesmos que os establecidos polos respectivos departamentos didácticos.

Pero o feito de que a práctica lingüística non afecte de maneira central á cualificación do alumnado nas materias non lingüísticas non significa que o proceso non poida ser validado doutros xeitos.

O plantexamento a seguir será básicamente o do reforzo positivo, é dicir, considerar e ter en conta a utilización da lingua inglesa como un extra para que o alumnado poida incluso acadar mellores cualificacións. Isto será tido en conta partindo tamén da base de que en ningún momento os erros lingüísticos, ou a falta de rendemento en inglés terán unha repercusión negativa nas cualificacións parciais e finais das materias. O alumnado ten que considerar que a lingua inglesa é un valor en si, e que utilizala non só é un beneficio para a súa competencia lingüística presente e futura, senón que, nesta ocasión, só lle reportará beneficios, e ademais de carácter práctico.

Por outro lado a coordinadora do proxecto, validará o funcionamento do mesmo e fará un seguimento continuo mediante reunións cós profesores implicados e coa xefatura de estudos, e realizará unha memoria final baseada nunha enquisa que se realizará aos alumnos e familias implicados voluntariamente no proxecto.

7. MATERIAIS E ORZAMENTO

Os gastos derivados da posta en marcha do proxecto sufragaranse con cargo aos orzamentos ordinarios do centro e dos departamentos de corda fregada e

vento madeira, non habendo nengunha partida destinada a financiar este proxecto.

Os materiais a empregar serán aqueles de uso habitual nas clases das materias elexidas impartidas en inglés, ademáis de tódolos medios tecnolóxicos e audiovisuais dispoñibles no centro, aínda que se fomentará o emprego de métodos e manuais escritos en inglés. Tamén se empregarán materiais videográficos en inglés e farase uso doutros materiais dispoñibles na rede, respectando os dereitos de autor.

8. PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

- Ampliar a oferta de materias en outros idiomas, sempre e cando existan profesores cualificados e dispoñibles.
- Solicitar un lector nativo de inglés, con coñecementos musicais básicos, para axudar tanto a alumnos como a profesores a adquirir unha correcta pronunciación e mellorar as habilidades comunicativas en inglés.
- Poñer en marcha un espazo virtual a través da web do centro para colgar materiais específicos, vocabulario musical etc, que sexa de fácil acceso para país e alumnos
- Contar con un presuposto propio, para a compra de materiais de uso exclusivo da sección bilingüe do centro, ou para que os profesores realicen cursos e seminarios relacionados có perfeccionamento do inglés nas materias específicas que imparten.